

## 6| AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS E COMITÉ DE SELECCIÓN

- Recibidas as solicitudes de participación, o concello convocará aos establecementos participantes, o día, lugar e hora que se indique, para que presenten unha mostra do/s produto/s e do/s seu/s embalaxes. En defecto de mostra, poderán presentar unha fotografía do produto e embalaxe en base as cales o comité de selección realizará a valoración.

Tras finalizar a reportaxe fotográfica dos produtos seleccionados devolveranse todas as mostras presentadas.

- A selección dos produtos que integrarán o catálogo realizarase consonte aos seguintes criterios:

A especialización dos produtos

A relación calidade-prezo dos produtos

A novidade e orixinalidade no concepto de envases e embalaxes

- A organización reserva para si o dereito a determinar o n.º de obxectos que integren o catálogo en función tanto da demanda como da oferta de produtos presentados a concurso.

## 7| RESOLUCIÓN

A resolución do concurso adoptarase pola Xunta de Goberno Local e notificarase individualmente a cada un dos comercios premiados e con propostas seleccionadas. Tamén se publicará na páxina web da Concellaría de Promoción Económica "[maiscompostela.org](http://maiscompostela.org)".

## 8| PARTICIPACIÓN

A participación no concurso supón o coñecemento e a aceptación das bases e as decisións que adopte o xurado naqueles aspectos non previstos.



CONCURSO CATÁLOGO  
DE PROMOCIÓN  
COMERCIAL

patrocina



colabora



## 1| OBXECTO

A Concellaría de Promoción Económica e Comercio convoca o Concurso de promoción comercial “**Volta ao cole**” cos obxectivos de potenciar as compras nos establecementos comerciais na cidade, de promover a adaptación dos establecementos comerciais á situación e cambios no mercado actual e de estimular a implantación de estratexias encamiñadas á satisfacción das necesidades, esixencias e demandas das persoas consumidoras. Os produtos seleccionados no concurso incluíranse nun catálogo que se repartirá entre a cidadanía a partires do mes de setembro. Este é un período de compras significativo e importante por dous motivos: o comezo dunha nova estación, o outono, que marca o fin das vacacións estivais, e o inicio do período escolar; circunstancias que derivan na necesidade de compra de moitos produtos para o aprovisionamento da tempada que comeza.

## 2| ESTABELECIMENTOS QUE PODEN PARTICIPAR

Poderán participar no concurso todos os establecementos comerciais abertos ao público no termo municipal de Santiago de Compostela, sempre que estean en posesión das licenzas oportunas.

## 3| PREMIOS

Os establecementos comerciais que participen na campaña poderán optar aos seguintes premios:

PREMIO ESPECIAL DO XURADO - 750€ (1.º premio), 350€ (2.º premio) e 200€ (3.º premio), e un espazo publicitario en prensa local, aos establecementos comerciais que presenten os produtos que o comité de selección estime como as mellores propostas do catálogo.

CURSOS DE FORMACIÓN - entre todos os establecementos comerciais participantes sortearanse 5 cheques de consultaría de servizos técnicos especialistas en interiorismo e decoración.

A Concellaría de Promoción Económica e Comercio asumirá os custes derivados da elaboración e edición do catálogo de todos os produtos seleccionados, da súa distribución no concello, así como a promoción publicitaria en medios durante o período de duración da campaña.

Os cheques de consultaría e o espazo publicitario en prensa local serán paquetes pechados cuxa determinación concreta compete exclusivamente ao Concello de Santiago de Compostela. A relación de servizos establecerase exclusivamente entre o Concello de Santiago e a entidade concertada que preste o servizo determinado.

## 4| PRAZO DE INSCRICIÓN

Sinálase como data límite para a inscrición no concurso o día 16 de xullo de 2010.

## 5| SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

- A inscrición formalízase por escrito presentando a documentación correspondente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (rúa do Presidente Salvador Allende, 4, Baixo) ou nalgún dos seus rexistros auxiliares (rúa de Berlín 13 e rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16) ou ben mediante o seu envío por fax ao número 981 543 193.

A documentación a achegar será a folla de inscrición (Anexo I) acompañada da/s ficha/s técnica/s (Anexo II), debidamente cumprimentadas, para cada unha das propostas presentadas.

Non se admitirán aquelas solicitudes que presenten unicamente a folla de inscrición.



- Establécense seis categorías, divididas por rango de prezos.

Produtos de ata 5 €
Produtos de ata 10 €
Produtos de ata 20 €
Produtos de ata 30 €
Produtos de ata 50 €
Produtos de ata 100 €

Os establecementos participantes poderán inscribirse nas categorías que consideren oportunas, presentando **un produto, como máximo, por cada rango de prezos establecido.**

- Todos os establecementos participantes deben presentar unha mostra do produto e do seu embalaxe o día, lugar e hora que estableza a organización do concurso, día que se fixará en todo caso no período comprendido entre o 19 e o 23 de xullo de 2010.
- Os establecementos participantes con produtos seleccionados para o catálogo deberán respectar as seguintes normas de organización:
  - O prezo de venda dos produtos será o acordado na folla de inscrición e na ficha técnica correspondente.
  - Os produtos seleccionados deberán figurar na oferta habitual do establecemento como mínimo entre o 1 e o 30 de setembro de 2010, exceptuando os días oficiais de peche que deberán ser detallados na ficha que se xunta.
  - Exhibir nun lugar visíbel, tanto no interior como no exterior, o distintivo que identificará aos establecementos presentes no catálogo.
  - Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visíbel na súa oferta os produtos seleccionados.
  - Facilitar, á organización e medios de comunicación, a realización das diversas accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento.
  - Dar un breve informe final do número de produtos vendidos e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de facer propostas de mellora para as posíbeis futuras edicións.
- Os comercios propostos para obter algún dos premios sinalados na base 3ª deberán acreditar que están ao corrente nas súas obrigas coa seguridade social e facenda.